

Notas ao redor dun libro sobre Virginia Woolf¹

Laura Lojo Rodríguez

RESUMO Faise un desglose de cada unha das partes do libro *Virginia Woolf and the Essay* cun breve comentario dos aspectos máis relevantes. Ao mesmo tempo, a autora deste traballo destaca a importancia do volume como divulgador da obra ensaística de Virginia Woolf e o seu valor intrínseco, máis alá das lecturas que puidesen facerse desta faceta para explicar a súa traxectoria novelística.

ABSTRACT This article examines the sections of the book *Virginia Woolf and the Essay*, giving a brief commentary on the salient aspects of each. The author stresses the importance of the volume because it concentrates on Woolf's qualities as essayist, instead of merely using her essays as aids to the interpretation of her novels.

137

Virginia Woolf é, sen dúbida algunha, un exemplo palpábel entre moitos outros escritores aos que o paso do tempo non fai senón acrecentar o seu valor literario. Ela foi, durante a primeira metade do século XX, unha figura literaria crucial no establecemento do chamado Modernismo inglés, tanto pola súa labor literaria coma a través da súa editorial –“The Hogarth Press”, fundada en 1917– dedicada a espallar, entre outras cousas, o pensamento teórico no que o Modernismo se cimentaba². A morte que Woolf escolleu pola súa propia man –afundindo nas augas do río Ouse, parte inexcusábel da súa paisaxe mental chea de fructíferas imaxes que evocaban o devalar das ondas– engadiu un certo carácter mítico á súa vida e tamén á súa obra. É precisamente ese carácter universal que a súa obra amosa o que fixo que da súa figura e da súa

¹ Rosenberg, Carole & Jeanne Dubino (eds.). *Virginia Woolf and the Essay*. Nova Iorque: St Martin's, 1998, 310 pp.

² Para unha análise do labor editorial da Hogarth Press, ver a obra de J. H. Willis Jr, *Leonard and Virginia Woolf as Publishers: The Hogarth Press 1917-1941* (Charlottesville & Virginia: Virginia University Press, 1992).

producción literaria se fixesen múltiples lecturas e relecturas, en base psicanalítica, marxista, ou máis frecuentemente, baixo a óptica do pensamento feminista. Á volta do século XXI, Virginia Woolf segue facéndose escoitar entre os críticos e entre os lectores “comúns” –“the common readers”– aos que Woolf adicara parte da súa obra.

O merecido recoñecemento que Virginia Woolf acadou como novelista –transformando e subvertindo as convencións que, segundo ela, constreñían a novela privándoa de “vida” e “realismo”– acabou eclipsando outros aspectos da súa produción artística, tales como os contos e os ensaios³. E foi precisamente a través deses ensaios como Virginia Woolf –daquela aínda Virginia Stephen– comezara a súa carreira profesional. Ela mesma explicaba, nunha conferencia pronunciada en 1931 que logo se convertería no ensaio titulado “Profesións para Mulleres”, cómo a súa traxectoria como escritora estaba intimamente ligada ao mundo do xornalismo. Na Inglaterra de 1904 –data na que Virginia Stephen se establece cos seus irmáns no barrio de Bloomsbury e aparece en prensa o seu primeiro traballo– a escritora explica cómo era relativamente doado para unha muller con vocación literaria “meter unhas cantas follas nun sobre, poñerlle un selo na esquina, e depositar o sobre no buzón da esquina. Foi así cómo me convertín en xornalista”⁴.

138

Dende moi nena, Virginia Stephen sabía que quería facer da súa paixón pola literatura unha profesión: durante algúns anos, os nenos Stephen idearon a publicación dunha revista de familia –*Hyde Park Gate News*– da que Virginia funcionaba como editora. O que para o resto dos irmáns era só un xogo de adolescentes supoñía para Virginia Stephen unha actividade fascinante, que ía anticipar o seu labor como xornalista e, máis tarde, como editora en Hogarth

³ Cara a unha aproximación crítica ó labor de Virginia Woolf no eido da prensa periódica e no ensaio, os seguintes traballos –á parte do aquí comentado– poden resultar útiles: Juliet Dusinbere, *Virginia Woolf's Renaissance: Woman Reader or Common Reader?* (Londres: McMillan, 1997); Leila Brosnan, *Reading Virginia Woolf's Essays and Journalism: Breaking the Surface of Silence* (Edinburgo: Edinburgh University Press, 1997); Mark Goldman, *The Reader's Art: Virginia Woolf as a Literary Critic* (A Haya: Mouton, 1976); Vijay Sharma, *Virginia Woolf as a Literary Critic: A Reevaluation* (Nova Delhi: Arnold-Heinemann, 1977); Barbara Currier Bell & Carol Ohman, “Virginia Woolf's Criticism: A Polemical Preface” en *Critical Enquiry* 2 (1974: 361-371) e Florence Howe, “Introduction: T. S. Eliot, Virginia Woolf and the Future of Tradition” en *Tradition and the Talents of Women* (Urbana: University of Illinois Press, 1991, 1-33).

⁴ “Professions for Women”, en *The Crowded Dance of Modern Life: Selected Essays II*. Ed. Rachel Bowlby (Harmondsworth: Penguin, 1993, 103). Todas as citas tomadas da obra de Woolf son tradución miña.

Press. A pesar disto, a trágica e temperá morte da nai de Virginia, Julia Stephen, foi, aos ollos da adolescente, unha traxedia da que nunca se recuperou totalmente. *Hyde Park Gate News* deixou de editarse, e Virginia Stephen sufriu a primeira das súas crises mentais, da que sabía que só podería saír a través do traballo, da escritura: “Só queda unha cousa que podería facer a existencia soportábel, iso é o traballo”⁵.

De feito, dende 1904 ata 1922 –data na que Virginia Woolf publica a súa primeira novela experimental, *Jacob's Room*– a vida profesional da escritora centrábase primordialmente na súa actividade como ensaísta e crítico literario, escribindo para xornais tan relevantes como *The Guardian* ou, máis significativamente, *Times Literary Supplement*, para o que colaborou ata o final da súa vida. En realidade, a vocación de Virginia Woolf como novelista foi relativamente tardía: non publicaría a súa primeira novela –*The Voyage Out*– ata 1915, xa ben pasados os trinta anos, aínda que a súa produción novelística máis recoñecida non aparecería ata máis dunha década despois.

A relevancia de Virginia Woolf como xornalista e crítico literario –tarefa que sen dúbida ten moito que ver co seu desenvolvemento como escritora profesional– é o que Jeanne Dubino e Carole Rosenberg vindican na compilación que elas editan e que leva por título *Virginia Woolf e o Ensaio*. No prefacio á colección, Rosenberg e Dubino subliñan o feito de que os ensaios de Woolf conforman unha parte fundamental da súa produción artística: durante a súa vida, Woolf publicou dúas compilacións de ensaios –as dúas series tituladas *The Common Reader– A Room of One's Own* (1929) e *Three Guineas* (1938). Tras a súa morte, o seu home Leonard Woolf compilou outros moitos en títulos como *The Death of the Moth*, *The Moment* ou *The Captain's Death Bed*; máis recentemente, Andrew McNeillie coordinou a recompilación da case totalidade dos ensaios de Woolf –moitos deles inéditos– na colección *The Essays of Virginia Woolf*. Segundo Dubino e Rosenberg, a popularidade de Virginia Woolf como ensaísta e xornalista queda demostrada polo feito de que todas as obras arriba mencionadas seguen a estar en prensa.

A pesares disto, as editoras de *Virginia Woolf e o Ensaio* sinalan cómo a historia da recepción desta importante dimensión de Woolf como artista revela

⁵ *A Passionate Apprentice: the Early Journals of Virginia Woolf 1897-1909*. Ed. Mitchell A. Leaska (Nova Iorque: Harcourt Brace Jovanovich, 1990, 213).

unha falta de consideración crítica seria. Na meirande parte dos casos, a crítica utilizou os ensaios de Woolf como fonte para xustificar os seus métodos de concebir o feito literario, pero non como entidades estéticas en si mesmas. Pola contra, Woolf mesma non consideraba así a súa produción neste eido. Para ela, os ensaios eran concibidos como unha forma estética que non sería pragmática nin científica en si mesma, e, polo tanto, non estaría deseñada para demostrar ningunha premisa teórica: “O principio que controla o ensaio é simplemente o de dar pracer ao lector”, Woolf escribía⁶. Baixo esta óptica, Dubino e Rosenberg editan a presente colección, que aparece dividida en cinco seccións: a primeira delas –“Virginia Woolf e a Historia”– analiza o papel de Woolf con relación á súa historia contemporánea, así como tamén cos seus predecesores victorianos, en especial coa figura do seu pai, o tamén ensaísta Sir Leslie Stephen. Este período marca a entrada de Woolf no eido da escritura profesional. Na súa contribución –“Virginia Woolf: De Autora de Reseñas a Crítico Literario, 1904-1918”– a propia Jeanne Dubino discute cómo Woolf non era allea ao aspecto económico e material que o xornalismo implica, e cómo a súa actividade comentando obras literarias constituíu un importante período de aprendizaxe para a súa posterior tarefa como crítico literario. Dubino tamén explora a recepción de Woolf como ensaísta no eido académico dos anos trinta e corenta, representado fundamentalmente pola figura de F. R. Leavis e o seu grupo *Scrutiny*, que basicamente rexeitaron a Woolf polo seu suposto elitismo.

A través da súa obra, Woolf sempre amosou un interese polas diferentes lecturas que o individuo fai da historia, á vez que era consciente de cómo este se atopaba inscrito nun continuo histórico. “Virginia Woolf e a Historia Literaria”, o segundo apartado desta colección, explora este punto: os dous volumes de ensaios que Woolf titulou *The Common Reader* tentan non só escribir unha historia literaria, senón tamén redefinir a noción desta, imaxinando un universo literario habitado por homes e mulleres igualmente capaces de autoconecemento a través do poder da lectura.

⁶ *The Common Reader* I (Londres: The Hogarth Press, 1925, 221). Georg Lukács, contemporáneo de Woolf escribindo en Alemaña, concibe o ensaio dun xeito similar, o que implica de fondo un rexeitamento do énfase da representación empírica dos feitos da experiencia que o positivismo decimonónico tiña promulgado. Cara a unha aproximación a este punto, ver Georg Lukács, “On the Nature and Form of the Essay” en *Soul and Form*, trans. Anna Bostock (Cambridge, Massachusetts: MIT Press, 1974: 1-18) e Theodor Adorno “The Essay as Form” en *New German Critique* 3.2, trans. Bob Hullot-Kentor (1984: 151-71).

“Virginia Woolf e a Lectura”, a terceira parte da compilación, entronca precisamente con este punto. De xeito similar a Montaigne, a quen consideraba o mestre do ensaio, Woolf deseña o concepto de “common reader” –o lector común– ao que dedica a súa obra, e que le por pracer e non por ningún particular interese académico.

O interese woolfiano por definir o concepto de lector e lectura está intimamente ligado ao seu xeito de revisar e experimentar co xénero do ensaio, o punto central do cuarto apartado “Virginia Woolf e o Xénero”. É precisamente o ensaio –tal e como Woolf o concibe– un xénero aberto, que aborda directamente a relación do individuo coa experiencia. A última sección da colección, “O Ensaio e o Feminismo”, camiña cara a unha definición do ensaio feminista a través da análise da intersección entre forma e xénero. Cómpre subliñar aquí o feito de que Woolf se sitúa nunha posición de resistencia fronte ao ensaio convencional masculino –cultivado por figuras contemporáneas a Woolf como T. S. Eliot, Desmond McCarthy ou John Middleton Murry– rexeitando moitos dos seus presupostos intrínsecos, como o principio de autoridade do crítico ou o labor de “adoutrinamento” que supostamente sería inherente ao xénero ensaístico.

141

O traballo de Rosenberg e Dubino representa un interesante esforzo por subliñar a importancia dun eido da produción woolfiana que, ata principios dos anos noventa, quedara escurecido polo seu merecido prestixio como novelista. A colección *Virginia Woolf e o Ensaio* pode resultar unha valiosa ferramenta para aqueles que aínda non descubriran a importante faceta de Woolf como xornalista e crítico literario, e, sobre todo, para contemplar a súa produción neste eido como unha forma estética con valor en si mesma, reveladora dun novo universo literario.

Laura Lojo Rodríguez